

# Diacronía da Formación do Plural dos Nomes Oxítonos Galegos Terminados en /l/ no Singular\*

Ramón Mariño Paz  
Universidade de Santiago de Compostela

## 1. Análise das fontes medievais

### 1.1. Análise global da mostra medieval

En liñas xerais — e non, como é natural, sen certo nivel de variación ao que de inmediato me referirei —, os nomes galegos medievais que presentaban flexión de número e terminaban en singular na consoante /l/ formaban o plural aténdose ás seguintes regras:

1. O alomorfo | es | empregábase:

- 1.1. cos polisílabos oxítonos que levaban o /l/ precedido das vogais comunmente grafadas <a>, <e>, <o> e <u>; estes nomes perdían a consoante lateral do lexema no plural: *leal – leaes, cabedel – cabedees, catasol – catasoes, azul – azues*.

- 1.2. cos polisílabos non oxítonos, que comunmente non perdían a consoante lateral do lexema no plural: *amigável – amigáveles, perdurável – perduráveis*.

- 1.3. cos monosílabos, que comunmente perdían a consoante lateral no lexema do plural se se trataba de palabras gramaticais (*qual – quaes, tal – taes*), mais presentaban un comportamento variable se eran palabras léxicas (*mal – males – maes, vil – viles*).

---

\* Este traballo realizouse no marco do proxecto de investigación denominado *Gramática histórica da lingua galega*, posto en marcha polo Instituto da Lingua Galega coa subvención económica da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

2. O alomorfo | is | empregábase coas voces que en singular eran polisílabas e oxítonas e terminaban en /il/, eliminando a consoante lateral do lexema no plural: *genitil – gentijs, sotil – sotijis*. As voces que no singular eran polisílabas pero non oxítonas e terminaban en /il/ podían ocasionalmente seleccionar tamén este alomorfo de plural, suprimindo a consoante lateral: *semellávil — semellávijis*.

Pois ben, áinda que nas fontes galegas medievais, producidas entre o século XIII e os inicios do século XVI, predominan amplisimamente para os nomes oxítunos rematados en // no singular os plurais con perda regular desta consoante (*cabezaes, lenzoes, sotijis*, etc.), tamén se rexistran nelas minoritarias solucións con mantemento do /l/. A nosa reflexión sobre este obxecto de estudo debe partir da observación de que, na gran mayoría dos textos medievais aquí explorados, a innovación morfolóxica consistente en formar o plural destes nomes coa adición do morfema –es e sen eliminar a consoante lateral alveolar final do singular non alcanza porcentaxes superiores ao 10 %, e en non poucos casos nin sequera chega ata o 5 % (cf. táboas 1 e 2). No conxunto do corpus seleccionado a innovación só aparece aproximadamente no 7.25 % dos casos posibles, con insignificantes diferenzas segundo as ocorrencias rexistradas se insiran en textos literarios e historiográficos (6.25 %) ou notariais (7.50 %). Por tanto, podemos afirmar non só que a innovación presenta un nivel de difusión moi baixo no corpus medieval explorado, senón tamén que isto ocorre en tipos de textos diversos, sen que ningún xénero discursivo se amose particularmente receptivo a este novo tipo de plurais.

#### TÁBOA 1

Porcentaxes dos plurais sen /l/ e con /l/ dos nomes oxítunos en textos literarios e historiográficos dos séculos XIII, XIV e XV.

	CSM	LP	TC	GE	CT	HT	MS	CI	Global
Sen /l/	95.50	100.00	75.50	93.50	98.00	96.50	100.00	91.00	93.75
Con /l/	4.50	0.00	24.50	6.50	2.00	3.50	0.00	9.00	6.25

Outra cuestión que demanda atención é a da aparición e progreso dos plurais que transformaron os hiatos –aes (< -ALES) e –oes (-OLES) mediante asimilación vocálica seguida ou non de coalescencia: *-a(a)s [naturaes > natura(a)s], -o(o)s [españoes > españo(o)s]*. Xa Rübécamp (1933-1934: 347) e Barbosa (1960: 153) sinalaron estes plurais como peculiares dos textos galegos dos séculos XIV-XVI. Posteriormente, Lorenzo (1975-1977: I, XXX-XXXI) e

### TÁBOA 2

Porcentaxes dos plurais sen /ll/ e con /ll/ dos nomes oxítonos en textos notariais dos séculos XIII, XIV e XV.

	S. XIII (HG-P)	S. XIV (HG-P / USC)	S. XV (HG-P / USC / AP)	Sécs. XIV-XV (SM)	Global
Sen /ll/	100.00	94.50 / 100.00	96.75 / 98.75 / 63.75	93.25	92.50
Con /ll/	0.00	5.50 / 0.00	3.25 / 1.25 / 36.25	6.75	7.50

Maia (1986: 659-660; 1992: 366-367) corroboraron esta afirmación, e a profesora da Universidade de Coimbra mesmo achegou testemuños extraídos de documentos galegos do século XIII, como *Trigáás* (ano 1297) e *cabedas* (ano 1299). Da mostra que eu analizo neste traballo unha primeira conclusión que se desprende é a de que os textos notariais se mostran moi máis abertos cós literarios e historiográficos a estoutra innovación characteristicamente galega: fronte ao aproximadamente 8 % de plurais con asimilación nos segundos, os primeiros chegan ata un moi importante 33.25 % (cf. táboas 3 e 4). É de xustiza, neste punto, lembrar que xa hai uns setenta anos asegurou Rübecamp (1933-1934) que, fronte ao que acontece coa lingua poética do XIII e do XIV, os documentos notariais galegos daquel tempo salientan como portadores de certas innovacións que habían de ter continuidade ata a época moderna. No mesmo sentido, tamén Clarinda Maia encontrou evidencias que a levaron a declarar que “os textos notariais, apesar de um certo grau de formalismo que os caracteriza e da própria natureza dos sistemas gráficos medievais, deixam transparecer alguns factos da linguagem da época”, de modo que “alguns dos traços mais expressivos da evolución do galego relativamente ao portugués aparecem registados em textos dessa natureza, não surgindo o mais pequeno indício nas Cantigas de Santa María, nem nas composicións poéticas dos Cancioneiros profanos, nem em textos em prosa da mesma época” (Maia 1992: 365-366). Lingua escrita e lingua oral son, obviamente, realidades diferentes, e a apertura da primeira respecto da segunda varía non só de xénero discursivo a xénero discursivo, senón incluso de autor a autor.

### TÁBOA 3

Porcentaxes dos plurais sen e con asimilación vocálica dos nomes oxítonos en textos literarios e historiográficos dos séculos XIII, XIV e XV.

	CSM	LP	TC	GE	CT	HT	MS	CI	Global
-aes	100.00	100.00	84.75	98.00	100.00	97.75	93.00	61.00	92.00
-oes									
-a(a)s	0.00	0.00	13.25	2.00	0.00	2.25	7.00	39.00	8.00
-o(o)s									

### TÁBOA 4

Porcentaxes dos plurais sen e con asimilación vocálica dos nomes oxítonos en textos notariais dos séculos XIII, XIV e XV.

	S. XIII (HG-P)	S. XIV (HG-P / USC)	S. XV (HG-P / USC / AP)	Sécs. XIV-XV (SM)	Global
-aes	84.50	100.00 / 99.00	44.50 / 61.50 / 0.00	78.50	66.75
-oes					
-a(a)s	15.50	0.00 / 1.00	55.50 / 38.50 / 100.00	21.50	33.25
-o(o)s					

Outra conclusión que semella ben fundada é a de que, se xa nas fontes do século XIII e do XIV se poden sinalar documentacións de plurais terminados en *-a(a)s* ou en *-o(o)s*, é nas do XV onde estas progresan ostensiblemente, como pode verse en CI e mais nas coleccións de documentos notariais deste século que explorei. Por conseguinte, podemos dicir que a innovación consistente na asimilación e a coalescencia vocálicas antes mencionadas debeu de progresar seriamente despois do século XIV. Só TC discorda un tanto neste contexto, pois, sendo un texto elaborado entre 1295 e 1312, presenta xa un 13.25 % de plurais con asimilación. Mais o certo é que no tocante a esta cuestión TC presenta unha serie de singularidades das que falarei por extenso no epígrafe 1.2. Baste polo de agora con dicir esta obra nos chegou a través de dous manuscritos e que, segundo Lorenzo (1975-1977: I, XXXVI, n. 25), o que leva o número 2497 na Biblioteca Universitaria de Salamanca, datable a finais do século XIV, contén máis trazos galegos cá parte do 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid de que é copia directa ou indirecta, e que entre estes trazos se encontran os plurais con asimilación vocálica de que aquí estamos a falar:

El ms. 2497 muestra aún con mayor claridad su procedencia gallega. Como es más moderno [o 8817 é de ca. 1295-1310], la lengua está ya más evolucionada y las características gallegas son más acusadas: confusión de sordas y sonoras, mayor abundancia de castellanismos, *más abundancia de formas de plural en -os, -as*, formas como *proue*, etc. [As itálicas son miñas].

Neste contexto hai dúas fontes que discordan polas elevadas porcentaxes con que nelas se presentan os plurais sen perda de /l/: unha obra historiográfica de entre 1295 e 1312 (TC) e un texto notarial de 1457 (AP). A súa singularidade esixe para elas cadansúa análise particular.

#### *1.2. Análise particular da tradución galega da Crónica General, da Crónica de Castilla e da Crónica Particular de San Fernando (Crónica Xeral Galega)*

O máis antigo dos dous manuscritos en que se nos transmitiu esta tradución (o 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid) escribiuse entre 1295 e 1312 e consta de dous códices primitivamente independentes áinda que xa unidos no século XIV; na súa primeira parte ofrécese unha tradución parcial da *Crónica General* realizada sobre o manuscrito rexio E da Biblioteca do Escorial (coa excepción dos seus primeiros 22 folios, que se lle engadiron a E despois de feita a tradución galega) e na segunda, precedida dunha versión refundida do *Liber Regum*, encóntranse as traducións da *Crónica de Castilla* e da *Crónica Particular de San Fernando*. O outro manuscrito, probablemente de finais do século XIV, é o 2497 da Biblioteca Universitaria de Salamanca, e só contén a tradución parcial da *Crónica General* que tamén ofrece o ms. 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid. Segundo Lorenzo (1975/1977: I, LVII), todo induce a pensar que este segundo manuscrito é unha copia da primeira parte do primeiro, ou ben unha copia doutro manuscrito hoxe desaparecido en que por súa vez se copiara o primeiro.

Talvez sexa significativo o feito de que, como se observa nas táboas 5 e 6, a porcentaxe de plurais innovadores (con mantemento do /l/) é notablemente más elevada nas traducións da *Crónica de Castilla* (CC) e da *Crónica Particular de San Fernando* (CPSF) ca na da *Crónica General* (CG). Mientras que das 124 ocorrencias de plurais tradicionais (sen /l/) de todo o manuscrito 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid chegan ata 34 (o 27.50 %) as que se encontran na tradución da *Crónica General*, só 2 dos 40 casos de plurais con /l/ do mesmo manuscrito (o 5 %) se localizan na mesma parte. Como, por outro lado, non se dá ningún caso en que un plural tradicional (sen /l/) da tradución de CG do ms. 8817 teña como réplica un plural con /l/ no ms. 2497, temos que concluír que a

resistencia fronte aos plurais innovadores (con /ll/) non é propiamente característica de ningún destes dous manuscritos, senón da tradución da *Crónica General* que eles os dous nos transmiten; ou, á inversa, que a fácil acollida de tales plurais se dá só na tradución da *Crónica de Castilla* e da *Crónica Particular de San Fernando*, é dicir, no segundo códice do manuscrito 8817.

#### TÁBOA 5

Distribución de plurais sen /ll/ e con /ll/ a través das tres crónicas do ms. 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid (en %).

	CG	CC	CPSF
Sen /ll/	27.50	50.75	21.75
Con /ll/	5	52.50	42.50

#### TÁBOA 6

Porcentaxes de plurais sen /ll/ e con /ll/ en cada unha das tres crónicas do ms. 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid.

	Sen /ll/	Con /ll/
CG	94.50	5.50
CC	75.00	25.00
CPSF	61.25	38.75

Paga a pena destacar tamén que, mentres que só o 21.75 % dos plurais tradicionais de todo o manuscrito 8817 se encontran na CPSF, ascende ata o 42.50 % a porcentaxe dos plurais innovadores do manuscrito que están inseridos na mesma crónica (cf. táboa 5). A especial apertura da CPSF cara aos plurais con /ll/ confírmase ao consultar os datos que se ofrecen na táboa 6: se dentro da CG estes non representan máis ca un exiguo 5.50 % (2 casos de 36), na CPSF elévanse ata o 38.75 % (17 ocorrencias de 44), e algo menos na CC (o 25 %, é dicir, 21 casos de 84).

Para min é obvio que estas diferenzas se deben a que, como xa afirmou Cintra (1951-1954-1961: I, CCCXXVII-CCCXXVIII), na produción das distintas partes da chamada *Crónica Xeral Galega* participaron varios “tradutores galegos que provàvelmente traballavam dentro das fronteiras de Castela e Leão”. Desde logo, na constitución material do manuscrito 8817 da Biblioteca Nacional

de Madrid (cf. Lorenzo 1975-1977: I, XXXVIII; 1993) non faltan elementos que, sumados aos de carácter lingüístico, invitan a pensar que así foi. En todo caso, ainda faltando un estudo pormenorizado sobre a autoría dos dous códices deste manuscrito, semella irrefutable que na súa elaboración participaron varios individuos e que foron diferentes os responsables do primeiro e do segundo códices. En definitiva, a maior apertura aos plurais con /U/ que se observa en CC e mais en CPSF probablemente obedece a que os seus tradutores, talvez galegos residentes fóra de Galicia, non se mostraron tan vixientes coma o(s) de CG á hora de verteren para o galego este trazo morfolóxico do castelán.

Canto aos factores que propiciaron a penetración dos plurais con /U/ no texto, resulta evidente a influencia do castelán: con certeza, en varias ocasións algúns tradutores transpueron para a versión galega un recurso morfolóxico propio da lingua en que estaban escritas as fontes traducidas, mais non da lingua de destino: *prouēcialles* (TC, 20.8), *ciriales* (TC, 70.26), *catadrales* (TC, 461.16-17, 689.9), *senoralles* (TC, 889.9), etc.<sup>1</sup> De feito, en TC son numerosos os castelanismos de diverso tipo, non faltando incluso treitos importantes de texto que quedaron sen traducir ou a medio traducir (cf. Lorenzo 1975-1977: I, XXXI): *sub el castiello del Feral a vnas gargantas et vnos vales malos* (743.32-33), *a la rreyna et al esleyto* (455.18), *alla gelo vayamos dar* (338.31), *vengo* (326.37), *ysla* (297.28), etc.

Por outro lado, os préstamos árabes tardíos, en tanto que voces que non evoluíron popularmente, comportáronse como fonte relevante para a penetración desta innovación morfolólica na obra; carentes dunha palabra que a cada un deles lle coubese en xusta correspondencia no léxico patrimonial do galego da época, os tradutores de CC e de CPSF tenderon a vertelos tal como os atopaban nos textos orixinais, a miúdo sen tan sequera practicaren a necesaria acomodación morfolólica para a formación do plural<sup>2</sup>: *adaliles*<sup>3</sup> (TC, 877.12, 892.61),

<sup>1</sup> Nas pasaxes correspondentes da *Primera Crónica General de España* editada por Menéndez Pidal (1977) lese, efectivamente, *prouinciales* (365b4), *ciriales* (385a35), e *senoralles* (769b28). *Catadrales* está na tradución da *Crónica de Castilla*, para a que non consultei ningunha versión castelá.

<sup>2</sup> Nas pasaxes correspondentes da *Primera Crónica General de España* editada por Menéndez Pidal (1977) lese *adaliles* (764a14, 771b9-10), *aguaziles* (733a2) e *gazules* (727a48, 52; 727b1, 5, 6, 7; 759a6). *Alquiniales*, *arauales*, *araualles* e *arraualeś* están na *Crónica de Castilla*.

<sup>3</sup> Segundo Lorenzo (1975-1977: II, s.v.), “en A1 aparece la forma *adais* 200 n. 26, que es la única que corresponde a la fonética gall.-port., con pérdida de la -l- intervocálica; las restantes [*adalj*, *adaly*, *adalide*] son diversas interpretaciones a partir del cast. ant. *adalil*, más tarde disimilada la l en d”. Fronte aos *adaliles* de CPSF, temos *adalijis* en CG (TC, 200-26) e tamén *adalijis* na propia CPSF (TC, 806.13).

*algozilles*<sup>4</sup> (TC, 813.216), *alquiniales* (TC, 614.9), *arauales*<sup>5</sup> (TC, 520.6), *araualles* (TC, 514.16), *arrauales* (TC, 521.9, 664.28), *gazulles*<sup>6</sup> (TC, 802.31, 32, 37, 39, 40, 42, 43; 878.22), *gazules* (802.43, 867.9). Así, estes préstamos lexicais traían canda si, asociada, unha probable interferencia que acabaría constituíndose en semente dunha innovación morfolóxica.

Traducións insatisfactorias por servís respecto das fontes manexadas poden ser tamén algúns dos non moi numerosos casos de plurais rematados en *-les* que se rexistran noutros textos galegos trasladados desde o castelán: *canales* (GE), *gentiles* (HT), *manançiales* (GE), *morales* (GE), *sotiles* (GE), *ygoales* (HT), etc. Os préstamos doutras linguas (árabe, catalán, provenzal...), como voces non patrimoniais, escaparon a miúdo á evolución con caída de /l/, como pode verse nos arabismos *atabales* (CT) e *gazules* (GE), no provenzalismo *aneles* (GE), no probable catalanismo *metales* (segundo DCECH, do lat. METALLU, a través do catalán *metall*)<sup>7</sup> (GE), ou no substantivo *almirales* (CT), de controvertida orixe.

Mais tamén desde dentro do sistema había factores que puxaban pola emerxenza destes plurais innovadores dentro de CC e de CPSF. A innovación, evidentemente, producía o efecto dunha simplificación das regras de formación do plural. Primeiramente, debemos ponderar a importancia de que puido revestirse a atracción analóxica exercida polo modelo das palabras que formaban o plural engadindo o morfema *-es* pero sen eliminar a consoante final do lexema: *amor – amores*, *mes – meses*, *voz – vozes*. Por outra parte, cómpre ter en conta tamén a importancia dos monosílabos e os polisílabos non oxítonos terminados en /l/ no singular que nunca ou raramente coñeceran outra solución para os seus plurais. Canto aos polisílabos non oxítonos, cómpre dicir que se trataba

<sup>4</sup> En CG temos como contrapartida un plural tradicional para este substantivo: *algozis* (TC, 200.42).

<sup>5</sup> Para este arabismo hai plurais sen /l/ en CC: *arrauae* (TC, 512.18; 663.5, 18), *arauaas* (TC, 520.2).

<sup>6</sup> *Gazules* era unha designación dos árabes que xa debía de estar en desuso cando se escribiu a *Crónica General*, pois no seu capítulo 1044 dise que aos “aláraues” “ante los llamauan bien a ese tempo ‘gazules’” (Menéndez Pidal 1977: 727a51-52) [= “ante os chamauā bem a esse tempo gazulles”, TC, 802.39]. O tradutor galego desta pasaxe tiña necesariamente que respectar esa peculiar denominación dos árabes que aparecía na fonte, pois nin habería voz especificamente galega para ela nin tería sentido buscar unha tradución para unha palabra que na fonte se presentaba como unha cita (“chamáuanllies gazulles”). E de feito transpúxoa tal cal, sen tan sequera practicar a acomodación morfolóxica para o plural.

<sup>7</sup> Con todo, en GE predomina *metaes* sobre *metales*, pois fronte ás 8 ocorrencias da primeira variante só se rexistra 1 da segunda.

principalmente dos adjectivos derivados de étimos latinos formados coa adición do sufixo -BILE, que tiñan daquela moi pouca frecuencia de uso e a miúdo se incorporaron como cultismos, sen perda por tanto da consoante /U en posición intervocálica. En toda a *Crónica Xeral Galega* non aparecen máis ca tres casos: dous sen caída de /U (*conuenauilles*, 894.30; *perdurauilles*, 656.43) e un con tratamiento patrimonial (*semellauijs*, 549.2). No resto do corpus explorado batemos con semellante escaseza de ocorrencias e coa mesma tendencia a manter a consoante /U neste tipo de plurais, tamén cando non se trata de adjectivos derivados de étimos co sufixo latino -BILE: *amigaueles* (USC), *áuoles* (CT), *cruéueles* (HT; talvez de \*CRUDEBILES), *imobiles* (USC), *inmoueles* (USC), *mobeles* (HG-P, USC), *mobelles* (USC), *moueles* (GE, HG-P, USC, SM), *móveles* (SM), *mouelles* (HG-P, USC), *mouiles* (HG-P), *móujilles* (SM), *presebeles* (GE), *semellaueles* (HT, HG-P), *ssemellauijes* (HG-P). No conxunto deste corpus estes plurais esdrúxulos sen perda de /U alcanzan un elevadísimo 97.25 % de representación.

Tamén os monosílabos que remataban nun /U procedente de /U latino (QUALE, TALE, VILE, etc.) mostraban algúns resistencias a perder esta consoante ao formaren os seus plurais, aínda que esta tendencia se manifestou moiísimo menos acusadamente ca no casos dos polisílabos graves en singular e con grandes diferenzas entre as palabras gramaticais e as palabras léxicas. Na *Crónica Xeral Galega* estes plurais con /U conservado representan un 18.75 % das ocorrencias, mais con notables diferenzas de palabra a palabra: o relativo e interrogativo *quaes* ou *caes* e mais o identificador *taes* ou *taas* praticamente non sofren competencia en toda a crónica, pois só se lles pode apoñer unha ocorrencia de *quales* (TC, 376.36) (fronte a 45 de *quaes*, 2 de *caes*, 24 de *taes* e 2 de *taas*); en troques, fronte ás 13 aparicións do substantivo *males* (en tres ocasións coa variante gráfica *malles* en CG) só se opón unha da *maes* en CG (TC, 228.8), ao paso que para o adjetivo *viles* (TC, 462.6,11) ou *uilles* (TC, 624.8) non hai alternativa.

No conxunto de toda a mostra medieval seleccionada a porcentaxe destes bisílabos plurais con /U conservado é bastante máis baixa ca en TC, pois apenas chega ao 4 %. Mais as tendencias observables nela non son distintas das patentadas na *Crónica Xeral Galega*. As palabras gramaticais *quaes* (CSM, LP, TC, GE, CT, HT, MS, CI, HG-P, USC, AP, SM) e *taes* (CSM, LP, TC, GE, CT, HT, MS, CI, HG-P, USC, AP) predominan amplisimamente do século XIII ao século XV en todo tipo de textos, e só se lles poden opoñer raras ocorrencias de *quales* (TC, 376.36; HG-P, 66 —2 veces, nun texto de 1515 moi castelanizado—, 178; USC, 139, 230; AP, 461, 1182, 1264) ou *calles* (TC, 115.133). Coas palabras

léxicas sucede o contrario, pois o normal é que formen o plural en *-les*: *cales*<sup>8</sup> (< CANALES) (SM), *males* (TC, GE, HT, CI), *soles* (GE), *uiles* (CT), *viles* (TC), *uilles* (TC), *villes* (CI); unicamente *maes* (CSM, TC, GE, CT, MS) — conta 26 ocorrencias fronte a 0 en CSM — discorda neste contexto. A meu parecer, a altísima frecuencia de uso das palabras gramaticais é o que explica que no seu caso se desen case sen excepción as transformacións propias das palabras populares: a grandísima recorrenza de QUALES e TALES no discurso imposibilitaba de raíz a súa introdución na lingua en calidade de cultismos. Canto ás palabras léxicas, semella que os plurais más infrecuentes (*soles*, *viles*) experimentaron un tratamiento culto, ao paso que os más utilizados oscilarían entre o culto e o popular (*males* / *maes*). Pola súa parte, *cāal* ou *cal* (< CANALE) preséntase sempre con plurais con /l/ na mostra analizada (*caales* en TC e mais en HG-P, *cales* en SM), pero unha explicación convincente deste singular comportamento esixiría unha análise moito más demorada da que podo consagrarlle a este substantivo nesta comunicación.

Á parte debe considerarse o caso dos nomes con étimos latinos que tiñan - /l:/ e non /l/ e que por tanto en singular remataban en principio en *-e*, e non en *-l*. É, por exemplo, o caso dos descendentes de VALLE(S). Para o singular as fontes galegas medievais ofrecen a solución *vale* ou *valle*, mais tamén *val*. O plural deste substantivo nas mesmas fontes é sempre *vales* (ou variantes gráficas) (TC, GE, CT, HT, MS, HG-P), e nunca \**vaes*. Certamente, operou a favor desta restrición a longa permanencia da variante singular bisílaba *val(l)e*. Igualmente, presentan plurais acabados en *-les* sen excepción *cales* (< CALLES) (TC, CT, HT), *moles* (CSM, LP), *pelles* (GE), *peles* (HG-P), etc. A meu parecer, este tipo de plurais monosilábicos tamén puideron exercer unha atracción analólica que contribuíse ao arraizamento da innovación morfolóxica que nesta comunicación se estuda.

Algo semellante podería dicirse de ocasionais formas resultantes da acción de fenómenos fonéticos coma a asimilación, a disimilación e a metátese: *alcalles* (con asimilación *ld* > *ll* : *alcaldes* > *alcalles*) (TC, GE), *aruoles* (con disimilación : *árrores* > *árvoles*) (TC), *Ffroles* (con metátese: *flores* > *froles*) (LP 1: P. Gomez Charinho 4.1; CT; MS), *marmoles* (con disimilación : *mármores* > *mármoles*) (GE, CT).

---

<sup>8</sup> Inicialmente este substantivo non era monosílabo en singular (*cāal*), mais, logo de se consolidar a coalescencia de <āa>, si pasou a selo.

### 1.3. Análise particular do Libro de notas de Álvaro Pérez (AP)

Este libro foi redactado na súa case totalidade polo notario Álvaro Pérez de Pontevedra entre o 1 de maio de 1457 e o 10 de xaneiro de 1458. Hai, con todo, algúns fragmentos que saíron de distinta man e con datación diferente; entre estes deben destacarse tres notas escritas en 1463 por un escribán non identificado (números 148, 149 e 150 na edición de Fernando R. Tato Plaza). As escrituras que neste libro de notas se conteñen localízanse nun espazo xeográfico que vén a corresponderse co dos actuais concellos de Rianxo, Boiro e A Pobra do Caramiñal, situados na banda norte da Ría de Arousa.

Son poucos os rexistros de plurais de nomes polisílabos oxítonos rematados en /U no singular que podemos extraer desta obra. Feitura tradicional teñen *casaas* (AP, 2641, 2642, 2654, 2656, 2662), *temporaas* (AP, 2412) e o topónimo *Cidrāas* (AP, 1445; plural de *cidental* ‘lugar plantado de cidreiras’). Conservan o /U *çeuiles* (AP, 1108), *cremjnales* (AP, 1108), *originales* (AP, 1740) e *principales* (AP, 1623). Tanto unhas formas coma as outras se deben á man do notario Álvaro Pérez.

A primeira observación que cabe facer é a de que, mentres que entre os nomes con plural tradicional temos léxico patrimonial e popular (*casaas*)<sup>9</sup> ou topónimos (*Cidrāas*), entre os que presentan a innovación predominan os tecnicismos propios da linguaxe xurídico-administrativa (*çeuiles*, *cremjnales*, *originales*). Por outro lado, este segundo tipo de plurais aparece preferentemente no marco de expresións formulares sobre as que, nunha data tan serodia coma a do ano 1457, debían de ir gravitando xa con certa forza os correspondentes modelos formulares do castelán:

- e eu, o dito Pero de Louro, como voso fiador de vós, a dita Mayor de Cores, mjña moller, amos e douos de mā comū, a bos de hūu e cada hūu de nós porlo todo, así como debdores e *principales* pagadores, rrenunciādo la ley de duobus rrex debendi cō todas suas cláusulas e la ley de o quita, et cétera (AP, 1621-1624);
- por ende, que por se ella absentar e apartar del como de seu marido, sen súa lixencia e contra súa vōtade, que protestaua e protestou que cayese e jncurrise e ouvese caýdo e jncurrido ẽnas mayores penas *çeuiles* e *cremjnales* estableçidas en dereyto en tal caso, e que perdesese e aja perdido arras e dote e todos seus bées (AP, 1105-1109).

---

<sup>9</sup> Máis discutible é a consideración que a este respecto pode merecer o adjetivo *temporaas*.

Fóra do que poida opinarse dela no tocante ao aspecto morfolóxico que se estuda nesta comunicación, a interferencia do castelán sobre a lingua deste libro de notas é patente, por exemplo, no seu léxico xurídico-administrativo (*avenjr, cōuenjr, bachiller, bjē* ‘propiedade’, *debda, debdor, enagenar, jncurryr, pertenēcia, poseer, rrēta, testigo, vēta...*), nos substantivos con que nel se designan os cargos ou oficios eclesiásticos (*arçidiano, arçobispo, canónjgo, frayles...*), e mesmo no léxico común (*cādado, carmenador, delante, menester, merçed, serujdūbre, setiēbro, señal, venjr...*) e en palabras gramaticais (*ahuūque, fasta, segūu*). Son moi rechamantes certas locucións adverbiais que se tomaron do formulario castelán sen ningún tipo de adaptación: *de llano en llano* ‘verdadeiramente’, *en manos (e poder) de, por menudo*. Do castelán procede tamén, como e obvio, o sufíxo –*ill(as)* de *çentillas* ‘cintiñas’ (AP, 1734).

En definitiva, a innovación morfolóxica que estudo nesta comunicación está asociada en AP a nomes do tecnolecto xurídico-administrativo, seriamente afectado pola interferencia do castelán en todo o libro de notas.

#### *1.4. Conclusión*

No corpus medieval explorado a innovación morfolóxica estudiada preséntase en xeral en porcentaxes residuais, coas excepcións da *Crónica de Castela* e da *Crónica Particular de San Fernando* da *Crónica Xeral Galega* (1295-1312) e do *Libro de notas de Álvaro Pérez* (1457). As ocorrencias en que esta innovación se manifesta, cando non se deben simplemente a unha tradución servil do texto ou da fórmula notarial castelá que se está a verter para o galego, talvez se expliquen como resultado tanto da atracción analólica exercida polo modelo das palabras que formaban o plural engadindo o morfema –*es* pero sen eliminar a consoante final do lexema (*amor – amores, mes – meses, voz – vozes*) coma polo modelo dos polisílabos non oxítonos e os monosílabos terminados en /-l/ no singular que nunca ou raramente coñeceron outra solución para os seus plurais (*perdurauilles, viles, vales*, etc.). Nos textos examinados, tamén se comportaron como portadores da innovación os préstamos de linguas coma o árabe, o catalán e o provenzal, que a miúdo non recibiron por parte de tradutores e copistas galegos unha acomodación patrimonializante. Na miña opinión, non se pode sinalar un único axente como responsable da xeración desta innovación — ou desta mutación, se se me permite a metáfora bioloxicista — no galego baixomedieval. Polo contrario, tiveron que ser varios os factores que en distintos contextos comunicacionais, orais e escritos, produciron este efecto.

En todo caso, as evidencias aquí reunidas conducen á conclusión de que áinda no século XV esta mudanza lingüística galega estaba nunha fase incipiente.

## 2. Análise das fontes dos séculos XVI, XVII e XVIII<sup>10</sup>

O eclipse do galego como lingua literaria e historiográfica entre os séculos XIV e XV e o seu definitivo abandono como lingua dos documentos xurídico-administrativos durante as primeiras décadas do XVI explican a enorme escaseza de fontes de estudio dispoñibles para a análise do galego do XVI, o XVII e o XVIII. Estas limitadas fontes non poden ofrecernos máis ca un moi incompleto testemuño da variación interna do sistema lingüístico galego destes tres séculos. Só parcialmente podemos suplir a información que nos falta coas noticias que nos proporcionan algúns contados autores, entre os que inescusablemente hai que salientar tres figuras setecentistas: o Padre Sarmiento, en primeiro lugar, e nun segundo plano o Padre Sobreira e o polígrafo José Cornide. Mais para a mudanza morfolóxica que aquí nos ocupa estas persoas non deixaron, que eu saiba, testemuños de valor.

Dedúcese do dito que as porcentaxes que neste epígrafe eu ofreza están lonxe de poderen ser consideradas como trasunto fiel do que por aquel tempo acontecería ao respecto no galego falado: as fontes de estudio utilizables, ademais de seren moi poucas, están todas elas producidas por persoas pertencentes ao reducidísimo segmento da sociedade do Antigo Réxime que sabía escribir, o que no caso galego equivale a dicir xustamente as persoas con maior contacto asiduo co castelán escrito e falado daquela época. Por tanto, de ningunha forma poden tomarse simplistamente como testemuños do galego falado entón polas iletradas camadas populares do país, é dicir, pola inmensa maioría dos galegos daquel tempo.

Fronte ao 7.25 % dos séculos XIII-XV, a porcentaxe de plurais con /l/ que se rexistra para os nomes polisílabos oxítonos en singular no corpus dos chamados “Séculos Escuros” (XVI-XVIII) que eu examinei é nada menos que dun 43.75 % (32 casos de 73 posibles). Estes rexistros xa non son raros en fontes dos séculos XVI e XVII (*animales, colejales, fieles, hespañoles, lebreles, mayorales, manteles, roeles, sateles*), mais cobran unha especial relevancia quantitativa nas do XVIII: na obra galega do cura de Fruíme temos, fronte a

---

<sup>10</sup> Dadas as limitacións de espazo a que aquí debo suxeitarme, para a identificación dos textos posmedievais que explorei remito o leitor interesado para Mariño Paz (2003).

*normais e sinais, ispañoles, papeles e xoéles; e no Coloquio de 24 gallegos rústicos* (ca. 1746) do Padre Sarmiento só un solitario *memoriaes* se opón aos amplamente maioritarios *argidales, atabales, barcàles, nabales, timbales* (2 veces), *pasteles* (2 veces), *picheles* (2 veces), *toneles* (2 veces), *Madriles, perniles, tamboriles, españoles e faroles* (2 veces).

Neste contexto, creo que se reviste de certa significación o feito de que a copia seiscentista denominada *Historia de Yria* (ca. 1617-1630) ofreza *fieles* nun contexto en que a *Crónica de Iria* do século XV presenta *fiees*. No *Diálogo de Alberte e Bieito*, un texto de finais do século XVI anterior en poucos anos á *Historia de Yria*, é tamén *fieles* o plural utilizado. En troques, nas fontes medievais a solución usual é *fiees* (TC, GE, CI, USC), mentres que as aparicións de *fieles* (TC) son esporádicas. Sen dúbida, a pertenza desta voz á esfera do léxico relixioso, antigamente castelanizado en galego, contribuíu para o progreso de *fieles* na lingua posmedieval.

Os neoloxismos, a miúdo chegados á nosa lingua a través do castelán, semellan resistirse a adoptaren algunha das formas tradicionais dos plurais galegos. Mais o certo é que case todos os exemplos que se poden aducir pertencen á obra do Padre Sarmiento, de modo que ben poderían atribuirse antes ás preferencias ou tendencias persoais deste escritor ca ás vías de penetración de tales neoloxismos na lingua galega. Da pluma deste monxe saíu *timbales*, que é variante tardía de *atabal(es)* para a que o DCECH ofrece como primeira documentación castelá a do *Diccionario de Autoridades* (1726-1739) da Real Academia Española. Tamén son voces tardías chegadas a través do castelán *pasteles* (< francés antigo *pastel*) e *faroles* (< catalán antigo *faró*), usadas no *Coloquio*. O carácter tardío e castelanizante de *Madriles* resulta evidente, mais cómpre advertir que tal forma se encontra nunha continuación apócrifa das coplas de Sarmiento, talvez composta incluso xa no século XIX.

*Lebreles* (*Diálogo de Alberte e Bieito*) provén do catalán *llebrer(s)* pero entra a través do castelán *lebrel(es)*, e ademais non se pode desatender o feito de que no contexto en que aparece este substantivo está en rima con *fieles* e mais con *deles* (“De fieles / sonche como os lebreles, / que deles jamais oyn / coussa falssa nen ruyn / que oubesse saydo deles”). Este dato cobra importancia se se ten en conta que neste diálogo son maioritarios os plurais tradicionais (*pichés, tonés, barrís, sutís*), mais tamén é certo que o seu autor debía de ser moi consciente da existencia desta variable no galego do seu tempo, o que lle permitía optar por un tipo de plural ou outro segundo as súas necesidades de ritmo, rima e medida.

Finalmente, merece anotarse a conversión do plural do xentilicio correspondente a España. Se nas fontes medievais este é *espanhoes* (LP), *espanoos* (TC), *espannóós* (GE), *espanóós* (GE), *españóós* (GE) ou *ispanñoos* (CI), nas dos séculos XVII e XVIII xa predominan as solucións con /U: *españos*, *hespañoles*, *ispanoles*, *españoles*.

Os plurais de feitura tradicional que detectei neste corpus posmedieval son aínda maioritarios (o 56.25 %), mais non a grande distancia dos que terminan en –les. Naturalmente, isto debe considerarse non como unha proba da presunta magnitude do avance desta innovación no galego falado da época, senón como unha consecuencia das deficiencias do corpus examinado no tocante á súa representatividade. Só un caso dos corenta e un detectados presenta aínda un dos antigos hiatos (*ae*, *oe*). Trátase de *memoriaes*, mais o certo é que se encontra no *Coloquio de 24 gallegos rústicos*, unha obra en o que o Padre Sarmiento fixo diversos ensaios de rehabilitación de voces e formas da lingua medieval. Ademais, non se debe ignorar o significativo feito de que no mesmo lugar do autógrafo do *Coloquio* en que se le *memoriaes* unha das súas copias ofrece a variante *memoriás*, en tanto que outra presenta *memorias*.

Estas solucións co antigo hiato eliminado mediante asimilación e coalescencia vocálicas predominan ostensiblemente nas fontes posmedievais: *cardeas* (13 veces na *Historia de Yria*)<sup>11</sup>, *cardeás*, *cardias*, *naturas* (4 veces), *prencipás*, *raás*, *rreas*, *españos*. Ademais, os antigos hiatos de vogais homorgánicas <ee> e <ii> tamén aparecen resoltos mediante coalescencia: *crues*, *manténs* (con xeración non etimolóxica de consoante nasal posnuclear), *pichés*, *roés* (2 veces), *tonés*, *algacis*, *barrís*, *civis*, *gentis* (3 veces), *sutís*. En conxunto, os plurais en –ás, -és ou –ós encóntranse neste corpus nunha proporción de 30 fronte a 4 en relación cos que teñen ditongo decrecente (-ais e os non rexistrados -eis, -ois). A presenza constante deste tipo de plurais en textos que do punto de vista da variación dialectal se poden considerar centrais ou occidentais indúceme a pensar que por aquel tempo esta debía de ser a variante máis frecuente na lingua oral desta parte do territorio galego-falante.

As solucións con conversión do antigo hiato en ditongo decrecente só as rexistrei nun texto do século XVII (*Historia de Yria*) e noutro do XVIII (un manuscrito de Diego Antonio Cernadas): *normais*, *ocidentais*, *principais*, *sinais*: Creo que con tan escasas documentacións non paga a pena facermos conjecturas

<sup>11</sup> Significativamente, xa non se len na *Historia de Yria* as variantes *cardeas* (con 8 ocorrencias na catrocentista CI) e *cardeas* (con 5 ocorrencias en CI).

sobre a posible distribución dialectal desta variante naquela época; en cambio, si podemos afirmar que estaba moito menos estendida cá presentada no parágrafo anterior.

Para os singulares monosílabicos que tiñan /l/ en latín os rexistros de que dispoño amosan continuidade respecto das tendencias medievais. A palabra gramatical *cal ~ qual* forma maioritariamente plurais con perda de /l/: *cás* no *Diálogo de Alberte e Bieito*, *cais* e *quais* na *Historia de Yria* (CI só presentaba *quaes*); *cales* só aparece na obra de Sarmiento —en consonancia con *atabales*, *nabales*, etc.— e nunha ocasión na *Historia de Yria*. A única palabra léxica que recollín foi *coles* (2 veces no *Coloquio* de Sarmiento), que presenta o que é a súa forma normal en toda a historia do galego.

Finalmente, os esdrúxulos só amosan a terminación *-les*, mais cómpre advertir que en dous casos se trata de castelanismos lexicais: *anxeles*, *apostoles* (3 veces na *Historia de Yria*; CI só ofrece *apostollos*), *consules*, *cōsules*.

A pesar das carencias sinaladas para o corpus escrutado, creo que se pode dicir que durante os séculos XVI, XVII e XVIII se produciu en galego unha certa progresión dos plurais terminados en *-les* para os nomes polisílabos agudos acabados en /l/ no singular. Ora ben, na lingua galega oral das camadas populares do país este avance debeu de ser menor có que se observa nas escasas fontes escritas conservadas. Outra conclusión que semella irrefutable é a de que naquel tempo gozaron de grande extensión as solucións que resolvieron mediante asimilación e coalescencia (ou só coalescencia) os antigos hiatos <aes>, <ees> e <oes>: *reás*, *pichés*, *españós*.

### 3. Análise das fontes do período 1797-1840 e do período 1840-2003

Se unha parte importante da escritura en galego producida durante as primeiras décadas do século XIX está decantada cara á immediatez comunicativa, a aparición e desenvolvemento do galeguismo desde aproximadamente 1840 foi propiciando unha crecente elaboración do galego escrito e un progresivo distanciamento respecto dos esquemas que favorecían o coloquial e o popular nos nosos textos. Asemade, o galeguismo promocionou a elaboración doutro tipo de fontes, fundamentalmente gramáticas e dicionarios, en que se poden recadar informacións sobre o galego oral contemporáneo. Por este motivo, para describir a liña evolutiva da variable morfolóxica que aquí estudio no galego oral do período posterior a 1840 acudirei xa en exclusiva a estoutro tipo de fontes.

Pois ben, en moitos dos textos de 1797 a 1840 conviven os plurais con /ll/ e aqueles que eliminan esta consoante lateral, mais con notoria vantaxe para os segundos, que aparecen aproximadamente no 68 % das ocorrencias (contabilicei 117 plurais sen /ll/ e só 55 coa consoante lateral mantida). Dos plurais maioritarios cómprenos tamén dicir que, agás de dous casos en que ainda aparece un antigo hiato gráfico sen modificar (*vocàes, cardinaes*), triunfan en xeral as formas que reduciron o hiato por asimilación a favor da vogal tónica e coalescencia posterior (*reales > reaes > reaas > reás*), coa única excepción de *papeis* (*Proezas de Galicia*, 1810). En conxunto, estes datos suxiren que na primeira metade do século XIX non se chegara ainda ao punto de se producir unha rápida expansión da variante innovadora con /ll/ conservado. Creo que esta expansión se debeu de producir máis tarde, sobre todo durante o século XX<sup>12</sup>.

Así o confirman os testemuños que se poden recoller nas gramáticas e traballos científicos realizados neste período. En efecto, se nas descripcións gramaticais da lingua galega realizadas durante a segunda metade do século XIX ainda gozan de grande preeminencia as solucións tradicionais *animás, papés, barrís*, etc. (cf. González Seoane 1992: 418-426), coa chegada do novecentos empezan a aparecer testemuños distintos. Nos seus *Elementos de gramática histórica gallega (fonética-morfología)* de 1909, Vicente García de Diego, logo dalgúns apuntamentos históricos, declaraba o seguinte: 1) que “en la lengua actual” se utilizaban os plurais *pallás, painzás, animás, papés, fusís, funís, cadrís, azús*, etc.<sup>13</sup>; 2) que “algunos” usaban “también plurales en *ales*”, *eles, iles e oles*, plurais que para el eran “formas castellanizadas” (*mortales, tales, cales, papeles, picheles, fusiles, cadriles, catasoles, soles, moles*, etc.); e 3) que tamén se coñecían e empregaban outras variantes: as antigas en *aes (caes, taes)*, as pouco frecuentes en *-ais (mortais)* e as pouco usadas ou “raras” formas terminadas en *-als, -ols ou -uls (catedrals, vals, rousiñols, sols, azuls, etc.)* (García de Diego 1909: 89-90).

Trece anos despois, Manuel Lugrís Freire publicaba a súa *Gramática do idioma galego* (1922), onde insería a seguinte doutrina sobre a formación destes plurais:

<sup>12</sup> Canto aos polisílabos non oxítonos, en ningún caso perden a consoante lateral no plural neste corpus: *Angeles, anxéles, apóstoles* (a partir dun singular *apóstol*), *consules, móviles, útiles, utiles* (3 veces). Entre os monosílabos que tiñan no seu éítimo unha consoante /ll/ en posición intervocálica os únicos plurais que se rexistran nos textos pregaleguistas examinados son *males* (3 veces), *tales* (20 veces) e *tás ‘tales’* (2 ocorrencias na *Parola de Cacheiras*, ca. 1836) ou *tás* (4 veces). Cómprase salientar que en tres textos está presente o plural *tas*, hoxe inusitado.

<sup>13</sup> Tamén aducía como exemplo, sen declarar ningunha fonte, o plural *utis ‘útiles’*.

Os nomes que finan en *al*, *el*, *il* adoitan formaren o prural perdendo o *l* e añadindolles *s*. Exemplos: *real*, *papel*, *cadril*; *reás*, *papés*, *cadrís* [...]. Tén moitas escepciós que o bon uso insina: *Lanzal* forma o prural *lanzales*; *mal*, *males*; *carballal*, *carballales*; *caravel*, *caraveles*; *froital*, *froitales*; *val*, *vales*; *xornal*, *xornales*.

Os terminados en *ol* fan o prural añadindo *es*, v.g.: *caracol*, *caracoles*; *fol*, *foles*; *col*, *coles*; *sol*, *soles*; *tirizol*, *tirizoles* (Lugrís Freire 1922: 23-24).

Na súa *Gramática elemental del gallego común* (1966) Ricardo Carballo Calero, despois dunhas sucintas consideracións sobre a historia e a dialectoloxía desta variable morfolóxica, xa afirmaba que naquel momento o “más vulgar” era “mantener la *l* y añadir *-es*, a la castellana, especialmente cuando precede a la *l* una vocal de la serie posterior” (Carballo Calero 1966: 91-92, n. 6). Respecto dos polisílabos non oxítonos aseguraba que o plural de *útil* era *utis*, “aunque también en este supuesto el habla vulgar conoce la forma castellanizada” (Carballo Calero 1966: 92, n.). Canto aos monosílabos, declaraba que “hoy lo común es decir y escribir *tales* y *foles*” (Carballo Calero 1966: 92, n. 6)<sup>14</sup>.

Estas impresións sobre a extraordinaria difusión que xa na década de 1960 alcanzaran os plurais terminados en *-les* viñeron a ser confirmadas cando se elaborou o *Atlas Lingüístico Galego*, para o cal entre 1974 e 1976 se exploraron 167 puntos principais que proporcionaron unha abundante información posteriormente arreplantada áinda con outros traballos de campo (cf. ALGa 2, ALGa 3). No tocante á variable morfolóxica que analizo nesta comunicación, esta información foi sintetizada do seguinte xeito por Francisco Fernández Rei:

A fala actual presenta como forma maioritaria *animales*, *españoles*, *azules*, *papeles*, etc. [...]

A área de *animais* comprende o galego más oriental (anque non a zona norte, pois no galego de Asturias non se perdeu o *-l-* intervocálico, polo que se rexistra plural *animales*); na actualidade segue sendo, en moitos puntos, un

<sup>14</sup> O texto desta nota mantívose nas sucesivas edicións da *Gramática elemental del gallego común*, coa excepción da adición do seguinte apuntamento na séptima: “Pero la normativa pide *tais* en el primer caso y *foles* en el segundo, según la simplicidad o duplicidad de la *l* en el éntimo” (p. 167). Non estou en condicións de confirmar se tiña fundamento a afirmación de que os plurais “a la castellana” eran especialmente frecuentes “cuando precede a la *l* una vocal de la serie posterior” (talvez inspirada na gramática de Lugrís Freire), pero si podo dicir que no moderno galego popular o único plural de *útil* é *útiles*, e non *utis*. Por tanto, non se atiña á realidade dos feitos a observación de que o plural de *útil* era *utis* e que a fala “vulgar” “también” coñecía a variante *útiles*.

sistema vixente de formación do plural. A forma *animás* abarcou o resto do dominio galego, pero na actualidade só se rexistra moi esporadicamente e en contadas palabras: *reás* ou *cadrís* teñen unha extensión moi grande, pero non así *animás* ou *candís*; *españós*, *constitucionás*, *catedrás*, *fusís*, *azús*, etc. son totalmente inusitadas.

Nalgúns falas do occidente coruñés, o *e* de *animales* pode ser moi relaxado, chegando ás veces a *animals*, cun grupo consonántico *-ls* insólito no galego (Fernández Rei 1990: 65).

Respecto dos polisílabos non oxítonos e dos monosílabos con étimos con /U/, o galego moderno só coñece solucións terminadas en *-les*: *áxiles*, *túneles*, *males*, *viles*, etc. Mesmo os plurais tradicionais das palabras gramaticais *cal* e *tal* sucumbiron ante *cales* e *tales* (cf. Fernández Rei 1990: 64-65; Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega 1995: 77-79).

A análise por palabras pode subministrarnos algunhas das claves que axuden a comprender a dinámica da mudanza morfolóxica que aquí estamos a analizar. Nas fontes de entre 1797 e 1840 aparecen exclusivamente co plural tradicional, é dicir, sen consoante lateral mantida, os substantivos e adjectivos *algasís*, *animás*, *cadrís*, *cardinaes*, *espirituás*, *feudás*, *fusís* (5 veces), *hospitás*, *liás* ‘leais’, *materiás*, *memoriás*, *oficias* (2 veces), *oficiás*, *Oficias*, *ofisiás*, *personás*, *servís* (11 veces), *temporás*, *vocádes*, *xentis*, *xéntis*, *xornás*. É obrigado dicir, obviamente, que só contamos con máis de un rexistro nos casos de *fusís*, *oficiás*, *servís* e *xentís*, e que só *oficiás*, *servís* e *xentís* aparecen en máis de unha obra. Pola súa parte, *reás* (plural de *real* ‘antiga moeda española’) é un substantivo moi frecuente no corpus examinado que en case o 97 % das ocasións comparece coa súa forma tradicional, en tanto que a variante *reales* só se le unha vez, e ademais — significativamente — dentro dun fragmento escrito nunha lingua seriamente interferida polo castelán.

No mesmo corpus os plurais con consoante lateral conservada danse cos substantivos e adjectivos *arnales*, *arrabales*, *azules*, *castañales*, *currales*, *cristales*, *españoles* (9 veces), *ispañoles*, *infernales*, *Madriles*, *Misales*, *municipales*, *pasteles*, *provinciales* e *rosales* (2 veces). Débese reparar sobre todo en *españoles*, polo seu elevado número de rexistros, e mais en *Madriles*, polo seu evidente carácter de préstamo tomado do castelán.

Hai, en terceiro lugar, un número considerable de voces para as que nestes textos documentamos dúas e ata tres formas de plural distintas, con desigual nivel de uso para cada unha: *cuarteleles* / *cuartés*, *iguales* / *iguás*, *liberales* / *liberás*, *nacionales* / *nacionás* e *principales* / *principás* preséntanse en

proporcións similares; en cambio, hai un certo predominio dos plurais tradicionais nos casos de *costitucionales / co(n)stitucionás e generales ~ jenerales/xenerás*; e, finalmente, é avultada a maioría de *papés* (16 ocorrencias) e *papeis* (1 ocorrencia) fronte a *papeles* (4 ocorrencias).

En vista dos resultados colleitados nesta análise, debemos comentar tamén que, se formas como *animás*, *constitucionás*, *fusís* ou *nacionás* son case descoñecidas ou “totalmente inusitadas” nos actuais falares populares (cf. Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega 1995: 78-79; Fernández Rei 1990: 65), hai menos de douscentos anos eran, polo contrario, plurais comúns na producción escrita en galego e talvez tamén nas falas populares galegas. Repárese, así mesmo, en que mentres que de 1723 temos áinda un plural *españós* nun poema de don Plácido Feijoo, décadas máis tarde só documentamos *españoles* nos textos de entre 1797 e 1840. Con todo, téñase presente que, en oposición ao uso exclusivo de *espanhoes* ou *españoos* nas fontes medievais, nas dos séculos XVI, XVII e XVIII xa é maioritaria a variante *españoles*.

É evidente, en fin, que os distintos substantivos e adjectivos afectados por este cambio non se transformaron simultaneamente, senón que algúns o fixeron antes e máis rapidamente ca outros, ao paso que algunas voces se resistiron tenazmente ao avance da mudanza<sup>15</sup>. O *Atlas Lingüístico Galego* mostra que no derradeiro cuartel do século XX, a pesar do incuestionable triunfo das solucións rematadas en *-ales*, *-eles*, etc. a custa das tradicionais terminadas en *-ás*, *-és*, etc., quedaban certas unidades lexicais para as que este segundo tipo de plural continuaba estando vivo ou incluso moi vivo: *currás* gozaba de máis vitalidade ca *ladrás* (plural de *ladral* ‘estrutura de táboas que se coloca en cada un dos lados do carro tradicional’ < lat. LATERĀLE) ou *reás*, que por súa vez semellaban más estendidos ca *candís* ou *cadrís* (plural de *cadril* ‘óso da cadeira’); e todos estes plurais se usaban daquela máis ca *catedrás* e *fusís* (cf. ALGa 2, mapas 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77). ¿Por que esta mudanza morfolóxica se propagou con ritmos diferentes para as distintas palabras que resultaron alcanzadas por ela? Nunha primeira aproximación dá a impresión de que, como adoita suceder en situacións de rápida mudanza coma esta, foi o vocabulario elemental máis apegado ás formas de vida tradicionais e máis frecuentemente utilizado o que máis se resistiu á transformación. A miña análise parece revelar

<sup>15</sup> Deixo á parte o comportamento dos topónimos, por ser ben coñecido que eles adoitan escapar á difusión léxica de moitas das mudanzas que van experimentando as lingua. Os nomes de *Carrizais*, *Casás*, *Casais*, *Curráis*, *Currais*, *Feás*, *Feais*, *Orxás*, *Orxais*, *Painzás*, *Painzais*, etc. que levan tantas aldeas galegas son a un tempo reliquias e testemuños dun tempo en que este tipo de plurais era común e regularmente utilizado en galego.

que substantivos concretos como *animás*, *cadrís*, *fusís*, *papés* ou *reás* conservaron durante máis tempo os plurais tradicionais, mentres que un adjetivo como *españós*, evidentemente vinculado coa oficialidade e coa ideoloxía da construcción do moderno estado-nación, xa debía de estar moi ameazado por *españoles* durante as primeiras décadas do século XIX. Con todo, nesa altura a tradicional forma de xerar estes plurais era ainda ben produtiva, pois no corpus de 1797 a 1840 obsérvase que se trata dunha regra aplicada con alta constancia e regularidade non só a substantivos concretos do vocabulario elemental da lingua, senón tamén a substantivos ou adjetivos de esferas semánticas moi distintas, como *constitucionás*, *nacionás*, *oficiás*, *servís*, *xenerás* e *xentís*.

Na resistencia ao cambio puideron concorrer tamén causas de tipo formal, coma no caso do substantivo *cadrís*, utilizado nun soneto de 1797 por Manuel Pardo de Andrade. Por máis que o *Diccionario da Real Academia Galega* de 1997 (cf. García & González González 1997) recolla efectivamente *cadril* como lema, o certo é que hoxe case ningúen fala normalmente do *cadril*, senón dos *cadrís*, dos *cadrises* ou dos *cadriles*. Como afirma Constantino García (1985, s.v. *cadril*), este substantivo é “usado casi siempre en pl.”. Sen dúbida, a ausencia da referencia constituída polo singular *cadril* constitúise para moitos falantes nun obstáculo que lles impidiu ou dificultou seriamente a xeración dun plural innovador *cadriles* para o que resultaban indispensables dous elementos nitidamente percibidos: o morfema *-es*, coñecido por todos, e o lexema *cadril*, sen dúbida ignorado por moitos. *Cadrís*, por tanto, perdurou como un fósil, como un vestixio dunha sincronía lingüística superada.

Mais o proceso xeral de transformación deste tipo de plurais non se detivo aquí. A consumación desta mudanza morfolóxica (é dicir, a completa extinción dos plurais tradicionais con perda de /U/ e o completo triunfo dos terminados en *-les*) comezou a frustrarse recentemente ao ser interceptada na súa última fase por unha mudanza de distinto signo que entrou en competencia con ela e que ata o de agora está insuficientemente analizada. A selección da variante *animais*, hoxe minoritaria nas falas populares, como a propia do estándar galego configurado e socializado a partir da década de 1980, puxo en xogo un novo e importante factor sociolingüístico que, como apunta Dubert García (1999: 95), parece estar a reorientar a secular marcha desta mudanza morfolóxica. Os plurais seleccionados para o estándar semellan comezar a ser incorporados aos repertorios lingüísticos de certos falantes con estudos e con fasquía urbana, de tal xeito que nalgúns medios estes plurais terminados en *-is* van entrando actualmente en variación contextual coas solucións populares. Por outra parte, estes plurais dominan absolutamente no galego escrito, literario ou non, desde

a década de 1980. Daquela, poderíamos estar agora ante os inicios dun cambio inducido polo desexo de adoptar formas lingüísticas que están dotadas de prestixio manifesto (*overt prestige*) porque os individuos que as usan gozan de amplio recoñecemento social e son considerados por moitos como dignos de seren imitados. O actual proceso de estandarización da lingua galega preséntase así como un relevante factor máis que contribúe a orientar e a incrementar a velocidade con que na Galicia de hoxe se están a producir as mudanzas lingüísticas.

#### 4. Conclusións

Creo que o gráfico 1 pode interpretarse como unha aproximación ao proceso de difusión da innovación morfolóxica estudiada ao conxunto do vocabulario galego, pero coido que non se debe tomar como referencia para a descripción do proceso de espallamento da innovación entre a comunidade dos falantes da lingua galega, xa que os datos relativos ao período que vai do século XIII ao ano 1840, dada a súa orixe, mostran como a innovación se foi estendendo na lingua escrita polas minorías letradas durante este longo período, mais non como o fixo no galego oral utilizado por toda a comunidade galegofalante. Con todo, ainda insistindo nestas cautelas con que o gráfico debe considerarse, creo que pode manterse que no esencial responde á seguinte verdade: a mudanza morfolóxica que estudei nesta comunicación só chegou a difundirse velozmente, tanto no vocabulario coma na comunidade dos falantes, entre a segunda metade do século XIX e o século XX. Coido, pois, que estamos ante un caso que responde con razoable fidelidade ao que entre os estudiosos da difusión dos cambios lingüísticos se coñece como “S-curve model”, é dicir, ante un modelo de expansión resumible coa fórmula *lento – rápido – lento*. A mudanza morfolóxica sobre a que reflexiono nesta comunicación non progresou de forma constante, mediante pasos regulares, afectando cantidades similares de palabras en cada unidade de tempo considerada, nin tampouco sendo assumida por cantidades similares de falantes nesas mesmas unidades de tempo. Esta mudanza, coma moitas outras, presenta un nítido período de aceleración precedido dun período de lenta difusión e seguido dun período de estancamiento, no que só permanecen as formas residuais máis resistentes á transformación<sup>16</sup>.

---

<sup>16</sup> É por isto polo que, como observa McMahon (1994: 52) a propósito da difusión lexical do cambio fonético, “changes are only very rarely found at or around the 50per cent mark; they are almost always at one of the extremes, having affected around 20per cent or 80per cent of relevant lexical items”.




Gráfico 1 - Porcentaxes de plurais con /l/ conservado para os nomes oxítonos no corpus galego explorado<sup>17</sup>.

Todo parece indicar, pois, que a gran transformación social que Galicia sufriu entre o XIX e o XX resultou determinante para que se axilizase a marcha dun cambio morfolóxico que anteriormente avanzara parsimoniosamente e tamén para que ese cambio progresase nunha dirección converxente coas solucións do castelán. A entrada en liza da prescripción normativa a favor dos plurais do tipo de *animais* talvez poida reorientar a marcha deste cambio, propiciando así a recuperación destes plurais sen /l/ no galego oral, cando menos en determinados contextos e por parte de certo tipo de falantes.

Canto ás causas que propiciaron a aparición e a difusión da innovación morfolóxica, creo, como dixen na sección 1.4, que se debe pensar nun conxunto delas, vinculadas unhas ao propio funcionamento interno do sistema lingüístico galego e relacionadas outras co contacto entre linguas. Podemos dicir que, do punto de vista interno, a innovación beneficiouse do feito de que suponía unha simplificación das regras de formación do plural para os nomes galegos, pois igualaba o comportamento dos polisílabos oxítonos terminados en /l/ no singular co comportamento dos nomes acabados nas consoantes non nasais (*muller* : *mulleres*; *voz* : *voces*; *fregués* : *fregueses*; e, despois do cambio, *animal* : *animales*) e mais co dos polisílabos non oxítonos e os monosílabos terminados

<sup>17</sup> Obsérvese que na cuarta columna non ofrezo a media de plurais con /l/ mantido que se encontra nun determinado corpus, senón unha estimación da extensión que estes plurais debían de ter no galego oral espontáneo no ano 1980. Loxicamente, esta estimación baséase nos datos ofrecidos polo ALGa.

en /l/ no singular que nunca ou raramente coñeceran outra solución para os seus plurais (*perdurauilles*, *viles*, *vales*, etc.). Por outra parte, o contacto dos galegofalantes co castelán constituíuse nun factor que, se durante séculos foi potenciando esta mudanza de forma parsimoniosa, desde aproximadamente a segunda metade do XIX pasou a operar con grande intensidade.

Debo dicir, a este respecto, que concordo con Penny (2000: 5) na afirmación de que, por máis que non sempre se poidan identificar todos os factores que son capaces de acelerar ou ralentizar o ritmo con que se propaga unha mudanza lingüística, o que semella incuestionable é que en certos lugares e épocas as mudanzas progresan más rapidamente ca noutros. No caso do galego paréceme obvio que un contexto social coma o que entre os séculos XIX e XX se impuxo en Galicia, cun elevado grao de mobilidade xeográfica intra e extragalega, cunhas crecientes posibilidades de mobilidade social ascendente para continxentes demográficos cada vez máis numerosos e co nacemento e perfeccionamento duns medios difusores do castelán incomparabemente máis potentes ca antes (administración do estado, escolarización obrigatoria en castelán, espectaculares avances no eido das comunicacións audiovisuais de masas, etc.), resultou moito más propicio para a aceleración dos procesos de cambio lingüístico có contexto dominante durante os séculos anteriores, que se caracterizaba, entre outras cousas, por unha reducida mobilidade xeográfica para un gran número de persoas, unhas mínimas posibilidades de promoción social para a inmensa maioría da poboación e uns medios difusores do castelán incapaces de estenderen eficazmente o coñecemento e o uso deste idioma. Como hipótese de alcance xeral digna de ser confrontada cos datos provenientes de investigacións particulares poderíase proponer que as sociedades máis desenvolvidas do mundo contemporáneo reúnen condicións que en moitos aspectos as asemellan e aproximan (pois *globalizan* certas formas de vida) e que as converten en escenarios onde os cambios lingüísticos poden progresar velozmente.

### Fontes medievais exploradas

AP: F. R. Tato Plaza, 1999. *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega / Ilustre Colexio Notarial da Coruña.

CI: R. Vasquez, 2001. *Crónica de Santa María de Íria*. Estudo e edizón de José Antonio Souto Cabo. Santiago, Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos / Ediciós do Castro.

- CSM: W. Mettmann, 1959-72. (ed.) Alfonso X: *Cantigas de Santa María*. 4 vols. Coimbra, Acta Universitatis Comimbrigensis.
- CT: R. Lorenzo, 1985. (ed.) *Crónica Troiana. Introducción e texto*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.
- GE: R. Martínez López, 1963. (ed.) *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV. Ms. O.I.I. del Escorial*. Edición, introducción lingüística, notas y vocabulario. Oviedo, Publicaciones de *Archivum*. Tivérone en conta as correccións de R. Lorenzo & X. L. Couceiro, 1999. “Correccións á edición da *General Estoria* de Ramón Martínez López (I)”, in R. Álvarez & D. Vilavedra, 1999. (eds.) *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1, pp. 595-627; e R. Lorenzo & X. L. Couceiro, 1999. “Correccións á edición da *General Estoria* de Ramón Martínez López (II)”, in T. García-Sabell et al., 1999. (eds.) *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*. Universidade de Santiago de Compostela, vol. 2, pp. 209-233.
- HG-P: C. de Azevedo Maia, 1986. *História do Galego-Português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra, Instituto Nacional de Investigação Científica.
- HT: K. M. Parker, 1975. (ed.) *Historia Troyana*. Edición e introducción. Santiago, Instituto “Padre Sarmiento”. Tivérone en conta as correccións de R. Lorenzo, 1982. “Correccións á edición da *Historia Troyana* de Parker”, *Verba*, 9, pp. 253-290.
- LP: M. Brea López, 1996. (coord.) *Lírica profana galego-portuguesa*. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica. 2 vols. Santiago de Compostela, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”.
- MS: J. L. Pensado Tomé, 1958. (ed.) *Os Miragres de Santiago. Versión gallega del Código latino del siglo XII atribuido al papa Calisto I*. Madrid, C.S.I.C.
- SM: M. P. Zapico Barbeito, 2003. *Colección diplomática do mosteiro de Santiago de Mens. Edición e estudio*. Memoria de licenciatura (inédita). Universidade de Santiago de Compostela.
- TC: R. Lorenzo, 1975-1977. *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario. 2 vols. Ourense, Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- USC: M. X. Justo Martín & M. Lucas Álvarez, 1991. *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237 / 1537)*. Edición diplomática. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

## Bibliografía

- ALGa 2: Instituto da Lingua Galega, 1995. *Atlas lingüístico galego*. Vol. 2: *Morfología non verbal*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.
- ALGa 3: Instituto da Lingua Galega, 1999. *Atlas lingüístico galego*. Vol. 3: *Fonética*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Barbosa, J. de Moraes, 1960. “La langue de la *Chronique de Castille* (ms. 8817 de la Bibliothèque Nationale de Madrid)”, *Boletim de Filologia*, 19, 2, pp. 151-158.
- Carballo Calero, R., 1966. *Gramática elemental del gallego común*. Vigo, Galaxia; 7<sup>a</sup> ed., 1979.
- Cintra, L. F. Lindley, 1951-1954-1961. (ed.) *Crónica Geral de Espanha de 1344*. Edição crítica do texto português por Luís Filipe Lindley Cintra, 3 vols. Lisboa, Academia Portuguesa da História.
- DCECH: J. Corominas & J. A. Pascual, 1987-1989-1991. *Diccionario crítico etimológico castellano e hispano*. 6 vols. Madrid: Gredos.
- Dubert García, F., 1999. *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Anexo 44 de *Verba (Anuario Galego de Filología)*. Universidade de Santiago de Compostela.
- Fernández Rei, F., 1990. *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo, Xerais.
- García, C., 1985. *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba (Anuario Galego de Filología)*. Universidade de Santiago de Compostela.
- García, C. & M. González González, 1997. (dirs.): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña / Vigo, Real Academia Galega / Xerais / Galaxia.
- García de Diego, V., 1909. *Elementos de gramática histórica gallega (fonética-morfología)*. Burgos: Hijos de Santiago Rodríguez.
- González Seoane, E. X., 1992. *A ortografía e a gramática do galego nos estudos gramaticais do século XIX e primeiros anos do XX*. Tese de doutoramento. Microficha. Universidade de Santiago de Compostela.
- Lorenzo, R., 1975-1977. *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario. 2 vols. Ourense, Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- Lorenzo, R., 1993. “Crónica General e Crónica de Castela”, in G. Lanciani & G. Tavani, 1993. (orgs. e coords.) *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*. Lisboa: Caminho, pp. 190-192.
- Lugris Freire, M., 1922. *Gramática do idioma galego*. A Cruña, Zincke Hermanos.
- Maia, C. de Azevedo, 1986. *História do galego-português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra, Instituto Nacional de Investigação Científica.

- Maia, C. de Azevedo, 1992. “A situación lingüística da Galiza do século XIII ao século XVI”, in *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega (Santiago, 1990)*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 361-370.
- Mariño Paz, R., 2003. *O idioma galego no límitar da súa renacenza. Estudo lingüístico de textos pregaleguistas*. Anexo 2 da *Revista Galega de Filoloxía*. Universidade da Coruña.
- McMahon, April M. S., 1994. *Understanding language change*. Cambridge, Cambridge University Press.
- Menéndez Pidal, R., 1977. (ed.) *Primera Crónica General de España*, 3<sup>a</sup> reimpr. Vol. 2. Madrid, Gredos.
- Penny, R., 2000. *Variation and change in Spanish*. Cambridge, Cambridge University Press.
- Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega, 1995. *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo, RAG / ILG, 12<sup>a</sup> ed. rev.
- Rübécamp, R., 1933-1934. “A linguagem das *Cantigas de Santa María* de Afonso X o Sábio”, *Boletim de Filologia*, 1, 3/4, pp. 273-356; 2, 2, pp. 141-152.